

# Sons romanos e Compostela

**Fernando Buide, órgano**

Martes 31 de agosto, 20.30 h, igrexa de San Paio de Antealtares

## **Organiza**

Concellaría de Acción Cultural do Concello de Santiago

## **Concepto e dirección artística**

Belén Bermejo López

## **Asesoría musical**

Andrés Díaz Pazos

## **Redacción**

Andrés Díaz Pazos, Carlos Penela Martín e Belén Bermejo López

## **Coordinación e deseño**

Sirgo Torcendo

## **Producción técnica**

Goyplasón S.L.

## **Agradecementos**

- \_ Santiago Ferreiro Fernández, párroco da igrexa das Ánimas
- \_ Comunidade de beneditinas de San Paio de Antealtares
- \_ Comunidade de clarisas do convento de Santa Clara
- \_ Padres franciscanos da comunidade franciscana de Santiago de Compostela
- \_ Xan Gómez Viñas, responsable de comunicación do NUMAX
- \_ Todas aquelas persoas e establecementos de Compostela que, coa súa colaboración, fixeron posible este proxecto

Igual que na arquitectura e nas artes visuais, a mirada desde Compostela cara a Roma sentiuse tamén na música, establecendo frutíferas achegas creativas. O repertorio do concerto de hoxe explora a vinculación e o intercambio de músicas, particularmente no esplendor do Barroco, entre o mundo organístico romano e o repertorio ibérico. O percorrido sonoro do concerto esténdese tamén a creacións actuais que exploran o peculiar universo sonoro do órgano barroco ibérico, o cal ten, no órgano de San Paio, un dos seus máis fascinantes expoñentes.

Josquin Desprez (1440-1521) foi un dos compositores máis presentes en coleccións españolas e italianas de pezas para órgano nos séculos XVI e XVII. De orixe franco-flamenga, durante uns anos foi cantor no coro papal en Roma.

*Virgo prudentissima* é unha transcripción dunha obra vocal, baseada na antífona do *Magnificat* das vésperas da festa da Asunción de María e esta transcripción está tomada dun códice do mosteiro de San Gal.

O madrigal *Io mi son giovanetta*, de Domenico Maria Ferrabosco (1513-1588), foi unha obra vocal de enorme popularidade no seu tempo, transcrita para órgano en numerosas versións. Ferrabosco foi mestre de capela de San Lourenzo e Dámaso en Roma, despois de traballar na capela Guilia do Vaticano. Esta transcripción, preservada na biblioteca estatal de Baviera, pertence a Bernhard Schmid.

Con 25 anos, Girolamo Frescobaldi (1583-1643) xa accedera ao prestixioso posto de organista de San Pedro e á Capela Giulia (formación vocal da basílica vaticana). Foi un dos compositores de maior difusión e influencia da súa xeración, tendo en conta, ademais, a gran cantidade de obras da súa autoría que foron publicadas en vida do músico. A *Fantasia undecima, sopra quattro soggetti* pertence á súa primeira colección impresa, que viu a luz o mesmo ano que accedeu ao seu posto no Vaticano. Estas pezas eran obras cunha trama contrapuntística moi mesta, baseada nas regras dos mestres polifonistas do século XVI onde a estrutura xeral da peza se deixaba á liberdade ou fantasía do compositor.

*Toccata cromaticha per le Levatione (messa della Domenica)* pertence ás *Fiori musicali*, unha das coleccións para teclado que maior difusión tiveron na época, chegando a ser un dos libros que o mozo J.S.Bach copiou do seu puño e letra para empregar como modelo. Trátase de música litúrxica, neste caso pensada para o momento da consagración.

Domenico Zipoli (1688-1726) pasou de ser organista e mestre de capela da igrexa do Gesú de Roma a abrazar as misións xesuítas que o levaron a Córdoba, Arxentina. Na *Canzona in sol minore* temos unha primeira sección onde una melodía de carácter vocal orixina una trama contrapuntística de gran transparencia, que nos remite aos modelos contrapuntísticos de Frescobaldi e ao esplendor do Barroco. Proseguen dúas seccións moito máis vivas de textura máis transparente, que apuntan cara aos novos modelos de música de tecla que se desenvolverán no s. XVIII.

Zipoli foi alumno de Bernardo Pasquini (1637-1710), organista de Santa Maria Maggiore. De Pasquini escoitaremos a *Toccata 8 tuono per organo*. Esta tocata remítenos ao Frescobaldi do *stylus fantasticus*, un estilo ou modo de compoñer para instrumentos onde se procuraba a sensación de improvisación, engarzando pequenos e contrastantes episodios como canle para o virtuosismo do intérprete.

A música de Arcangelo Corelli (1653-1713), que foi compañeiro de Pasquini e Scarlatti na romana Academia Arcadia, espallouse enormemente no seu tempo. En Galicia temos o testemuño nun dos cadernos dos libros de órgano da catedral de Tui. Neste manuscrito (recentemente transcrito por Joám Trillo) atópase unha recomposición de dous movementos da *Sonata op. 5 nº 7*, de Corelli, *sarabanda* e *giga*, orixinariamente escritos para violín e continuo.

José Elías (1678-1755) foi un organista catalán que traballou tamén en Madrid no momento de plenitude do órgano ibérico hispano e que marcou a transición entre a plenitude do Barroco e o Clasicismo. A *Pieza Octava: sobre la Alma Redemptoris Mater* é un preludio que precede a unha fuga que desenvolve a melodía gregoriana da antífona mariana. Esta peza atópase recollida no *Libro de órgano* de Melchor López Ximénez (1759-1822), quen ocupara o posto de mestre de capela da Catedral compostelá. Neste libro de

órgano atópanse tanto obras que escribira na súa xuventude como obras doutros autores que copiara como modelo.

Antes de establecerse definitivamente en Madrid, Domenico Scarlatti (1685-1757) foi mestre de capela en San Pedro. No seu tempo foi un dos maiores virtuosos do teclado; no seu extenso catálogo para teclado, a súa *Sonata k. 287* é unha das poucas obras escritas especificamente para o órgano. Nesta pequena peza non falta a súa claridade e brillantez habitual.

Gaspar Esmi (1767-1819) foi organista nas catedrais de Tui e de Ourense, así como en Xunqueira de Ambía. Compositor prolífico contribuíu á difusión da música de Scarlatti en Galicia. A súa *Sonata en La menor nº 2* foi transcrita por Xoán Carreira e Maruxa Baliñas. Ademais da herdanza da música de Scarlatti, podemos sentir a pegada da súa formación no clasicismo vienés e francés.

Na peza final deste concerto, escrita para a ocasión, o himno *Alma Redemptoris Mater* volve servir de base para unha serie de variacións. Historicamente, unha das funcións litúrxicas do órgano era realizar pequenas intervencións que substituían, de xeito alternativo, versos cantados dos textos litúrxicos. Esta idea recupérase para reelaborar as melodías do himno mariano, concatenando libremente os versos que compoñen este canto gregoriano.

*Fernando Buide*

# Programa

<i>Virgo prudentissima</i>	Josquin Desprez (1440-1521)
Madrigal <i>Io mi son giovanetta</i>	<i>Domenico Maria Ferrabosco (1513-1588)</i>
<i>Fantasia undecima, sopra quattro soggetti</i>	Girolamo Frescobaldi (1583-1643)
<i>Toccata cromaticha per le Levatione (messa della Domenica)</i>	
<i>Canzona en sol menor</i>	Domenico Zipoli (1688-1726)
<i>Toccata 8 tuono per organo</i>	Bernardo Pasquini (1637-1710)
<b>(CONVERSA CON F. BUIDE)</b>	
<i>Sonata quinto tono op. 5, nº 7</i> <i>Largo</i> <i>Allegro</i>	Arcangelo Corelli (1653-1713) (transcripción de Joám Trillo do <i>Libro de órgano de Tui</i> )
<i>Pieza VIII sobre la Alma Redemptoris Mater</i>	José Elías (1678-1755)
<i>Sonata para órgano k. 287</i>	Domenico Scarlatti (1685-1757)
<i>Sonata en La menor nº 2</i>	Gaspar Esmit (1767-1819) (transcripción de Xoán Carreira e Maruxa Baliñas)
<i>Fantasia sobre Alma Redemptoris Mater</i>	Fernando Buide (1980), estrea absoluta

## **Fernando Buide del Real**

Doutor pola Universidade de Yale, formouse tamén na Universidade Carnegie Mellon de Pittsburgh, así como nos conservatorios de Oviedo e Santiago de Compostela, a súa cidade natal.

Os seus mestres de órgano foron Antonio Díaz Corveiras e Donald Wilkins. Foi organista titular na igrexa presbiteriana de Forest Hills en Pittsburgh. Como concertista, ofreceu recitais en América e Europa. Tamén colaborou como organista con diferentes formacións, como a Orquestra Sinfónica de Galicia.

Como compositor, o seu catálogo inclúe desde música de cámara ou para coro ata música sinfónica e ópera. Entre as súas estreas recentes destaca o seu concerto para órgano e orquestra, encomenda da Orquestra Nacional de España, que foi interpretada no órgano Grenzing do Auditorio Nacional de Música de Madrid, con Juan de la Rubia como solista.

Entre outros galardóns, recibiu o premio Andrés Segovia – J.M. Ruiz Morales dos Cursos de Música en Compostela, o premio AEOS-BBVA ou as bolsas da Fundación Barrié, Leonardo (da Fundación BBVA) e da Academia de España en Roma.

## O órgano

Coa reorganización das ordes monacais en Galicia, a comezos do século XVI, as monxas beneditinas pasarán a ocupar o mosteiro de Antealtares e, moi axiña, construírán un órgano, en 1537, feito por Pedro Vélez, un organeiro activo daquela en Galicia, en particular en Santiago. Xa no século XVII, no ano 1625, o daquela organeiro da Catedral, Gaspar de Alaraz y Estrada, traballará tamén para o mosteiro, non sabemos se facendo unha profunda remodelación do instrumento xa existente ou un novo. Este órgano debeu durar ata fins do século XVIII, que é cando o organeiro compostelán Alberto de la Peña constrúe o magnífico instrumento que hoxe podemos ver e escoitar. En efecto, entre 1782 e 1784, construíu De la Peña este órgano, un dos máis importantes que se conservan en Galicia no seu estado orixinal. Tivo unha primeira restauración, en 1974, a cargo do obradoiro de organería de Gerhard Grenzing, que daquela escribiu que se trataba dunha “peza mestra e unha representación exemplar da arte dos organeiros españois”.

O instrumento ten dous teclados de 51 teclas, partidos e con oitava tendida. O primeiro teclado controla o chamado órgano maior, aquel composto polos canos da fachada e outros máis dentro da caixa, pero na súa parte frontal. Pola contra, o segundo teclado controla a chamada “cadeireta interior”, que é como un pequeno órgano independente, con todos os canos dentro da caixa situados cara á parte de atrás. O son deste segundo teclado é máis feble e afastado que o do primeiro, o que permite ao instrumentista introducir cambios de intensidade na súa interpretación, e tamén mudar os timbres, pois cada teclado dispón de diferentes rexistros. O número total de rexistros é, no órgano maior, de 13 na man esquerda e 15 na dereita e, na cadeireta, de 7 na man esquerda e 8 na dereita. Ten, ademais, 10 contras ou canos de sonoridade grave, que se poden accionar cos pés.

Para Compostela en particular, e para Galicia en xeral, este instrumento representa un dos cumes da arte da organería, no momento de máximo esplendor do chamado órgano barroco ibérico. É, por tanto, unha das pezas máis importantes, en termos absolutos, do noso patrimonio histórico, construído ademais por un organeiro formado en Compostela, daquela un dos principais focos da organería peninsular.

*Andrés Díaz Pazos*



## Vindeiros concertos e actividades:

**Mércores 1 de setembro, 11.30 h**, igrexa de San Francisco, Matinés 20',  
órgano: David Maceira

**Venres 3 de setembro, 20.30 h**, igrexa da Universidade, Eccos,  
concerto de CLAUSURA



COLABORAN:



**NUMAX**



**CARMENDÍAZ**  
estilista

